

Faladoiro Literario

Faladoiro do 30 de Abril de 2014




Onte tivo lugar a segunda reunión do noso Faladoiro Literario, e unha vez mais volvemos sentarnos a falar de libros e literatura ... principalmente.


Onte era día de temática libre, en canto @s participantes non rematan coa lectura obrigatoria, “*El Nombre de la rosa*”, de Umberto Eco. E o ser

día de temática libre cada participante achegou unha obra que lle parecera interesante.

Comezamos volvendo sobre un dos temas falados a semana entre obra e obra relativo a as portadas e o efecto que teñen nas vendas ou no atractivo dos libros, e para exemplarizar o asunto Paula trouxo un libro que leva o lixeiro titulo de “*La represión del deseo Maternal. La genesis del estado de sumisión inconsciente*”, un libro moi interesante pero cun titulo que probablemente lle saquen as ganas de compralo a calquera. E falando da importancia dos títulos, dos formatos dos libros e da mercadotecnia entramos en materia.




As obras que onte levaron as lectoras e lectores foron “el frio modifica la trayectoria de los peces” de Pierre Szalowski, un libro que contado dende a perspectiva dun neno que vive a separación dos seus pais mentres a vida do barrio onde vive transcorre o seu arredor. A charla encarou entón as formulas que os escritores teñen de afrontar as narracións.



Maus, de Art Spiegelman, unha sorpresa que nos chegou da man de Albino. Esta novela grafica é ata o de agora o único cómic que gañou un pulitzer, e conta os avatares do pai de Spiegelman durante a segunda guerra mundial, usando estilos posmodernistas no debuxo e composición da obra e cos humanos representados en forma de animais. Un libro que nos levou a unha longa charla sobre a segunda guerra mundial, o nazismo, e sobre como a percepción das historias cambian moito según como se contan.


Faladoiro Literario




Enrique levou a obra de Colleen McCullough sobre o final da primeira República romana, novelada estupendamente por esta escritora australiana, creadora de novelas históricas e policíacas, inda que a súa obra mais recoñecida e a que lle valeu a reputación mundial que a colocou entre as grandes do xénero histórico (co permiso de “El pájaro espino”, cuxa adaptación a tv foi un gran éxito no seu momento) e a pentaloxia sobre Roma. O repaso polas grazas e desgrazas da novela histórica alongou a charla outro anaco mais.



Histórica foi tamén a obra que levou Susi, “Restauración”, de Rose Tremain, unha estupenda novela, que conta a historia dun médico na Inglaterra do século XVII que entra o servizo da corte de Carlos II, afondando a través deste personaxe libertino na vida das persoas daquela época, na degradación das persoas ante determinadas situacións, na marxinalidade...e todo facendo gala dun coñecemento histórico moi completo.



E tamén histórica e epistolar foi a outra obra que nos levou Paula, As “Cartas marruecas” de José Cadalso. Unha novela redactada en forma de cartas, a través das cales o protagonista, un xove marroquí chamado Gazel nos amosa dende a perspectiva dun estranxeiro a España da segunda metade do século XVIII.



“La conjura de los necios”, de J.K. Toole, unha grandísima obra, que conta a historia dun idealista e revolucionario que debe enfrontarse a vida real, tamén gañadora dun Pulitzer, foi a última das obras das que falamos, da man de Teresa.

Case tres horas logo de sentarnos a falar, demos por rematado o Faladoiro, cos ollos postos xa na reunión de dentro de dúas semanas (Xoves 15 de Maio, as 21:00 no Encontro), e coas aventuras de Adso de Melk agardando a ser comentadas.